

Neste Coñece e Camiña ímonos á Devesa da Rogueira, no Caurel, un clásico das rutas de sendeirismo e montaña de Galicia, ademais dunha das xoias naturais que temos na nosa aterra.

O percorrido de hoxe é sinxelo e ben sinalado, e quizáis se acerque máis a una actividade de montaña que de sendeirismo clásico polo desnivel que imos facer, casi 900 metros., sendo máis esixente na primeira parte, entre a aula de natureza e as fontes, polo que é importante ter unha boa condición física e estar afeito ás actividades de sendeirismo.

Debido á época do ano, temos a luz limitada, o percorrido é dunhas 6 horas e 30 minutos e non debería haber problema en manterlo. En previsión de atrasos inesperados, é recomendable levar frontal ou lanterna se é posible.

E se alguén aínda non sabe cara a onde imos, aquí tedes algunhas notas.

A Devesa da Rogueira é un bosque de ladeira de tipo atlántico orientado ao norte. É relativamente pequeno, apenas 300 hectáreas, pero ten tanta biodiversidade como o resto de Galicia. Estímase máis de 1000 especies de plantas, entre carballos, castiñeiros, serbales, abeleiras, freixos, faias, teixos, acivros, bidueiros, etc. Ademais dunha gran variedade de animais, algúns endémicos da península, tritón ibérico, ra de patas longas, corzo, marta, turón, marta, gato montés, lirón.

A ruta clásica comeza na aula da natureza, un pequeno museo-estudo para a presentación do bosque. Temos que deixar o autobús un quilómetro antes, onde pode virar, e onde nos recollerá á volta. A un quilómetro da aula comeza a subida que pouco a pouco irá facendo máis empinada ata chegar ás Fontes do Cervo nunhas 2 horas, un curioso manancial dobre cunha fonte de auga potable e outra de auga ferruginosa. A pesar do desnivel do camiño e do esforzo que supón, tenta mirar ao teu redor, estarás dentro dunha xoia natural chea de diversidade. Despois dos mananciais seguimos subindo, o bosque desaparece e chegamos á crista na da Boca da Rogueira, onde xa podemos ver o cumio e o val que baixa Á Seara. Desde aquí, remontaremos comodamente 100 metros de desnivel de matogueira ata o cumio de Formigueiros, de 1641 metros, o máis alto da serra.

Baixamos do Formigueiros cara ao Alto do Couto pola forte pendente dunha pista de terra, así vemos outra característica do Caurel, a menos atractiva, a multitude de pistas de terra que o atravesan, ás veces de forma aparentemente esaxerada.

Dende o Alto do Couto volvemos entrar na Devesa e repetiremos parte do percorrido que subimos pola mañá para gozar de novo do bosque, agora baixando..

Devesa da Rogueira					
horario	5h 55'			2	severidad del medio natural
desnivel de subida	900 m			2	orientacion en el itinerario
desnivel de bajada	900 m			2	dificultad en el desplazamiento
distancia horizontal	16,0 Km			3	cantidad de esfuerzo necesario
tipo de recorrido	Circular				
Condiciones de todo el año, tiempos estimados según criterio MIDE, sin paradas. Calculado sobre datos de 2020.					


Próximas actividades da sección.

28 OUTUBRO -		
1 NOVIEMBRE	SENDEIRISMO MONTAÑA	PARQUE NATURAL SAJA-BESAYA (CANTABRIA)
9 NOVIEMBRE	VETERANOS ACTIVOS	BOBORÁS - PAZOS DE ARENTEIRO (OU)
13 NOVIEMBRE	COÑECE E CAMIÑA	CARBALLEIRAS DE BRION (CO)
23 NOVIEMBRE	VETERANOS ACTIVOS	RIO SARELA - RUTA XACOBEOA-PTE. MACEIRA (CO)
18 DECEMBRO	COÑECE E CAMIÑA	TERRA DO XALLAS - SANTA COMBA (CO)

www.artabros.org

mail: artabros@artabros.org

Tlf.: 981.213.115



Devesa da Rogueira e Pico Formigueiros

O Courel – Lugo

